

## Concello de Xove

---

**Expediente núm.:** 453/2026

**Procedemento:** CONVOCATORIA E CONCESIÓN DE PREMIOS DO V CONCURSO FOTOGRÁFICO DO DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE «Cal é o teu lugar preferido de Xove?».

**Documento asinado por:** A Socióloga.

Dando cumprimento á Providencia de Alcaldía obrante no expediente e consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, o RD 887/2006, de 21 de xullo; a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove, na que se inclúen as Bases Reguladoras da presente convocatoria; e o observado no Plan Estratéxico de Subvencións aprobado polo Concello Pleno na súa sesión de 30 de xullo de 2025 (B.O.P. núm. 179 de 6 de agosto de 2025); e ao obxecto de incentivar a participación cidadá nos actos programados para o Día Mundial do Medio Ambiente, formúlase a seguinte:

### **PROPOSTA DE CONVOCATORIA PARA DOS PREMIOS DO V CONCURSO FOTOGRÁFICO DO DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE: “Cal é o teu lugar preferido de Xove?”**

#### **PRIMEIRA.- DEFINICIÓN DO OBXECTO**

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do concurso de fotografía medioambiental organizado polo Concello de Xove “Cal é o teu lugar preferido de Xove” co gallo de poñer en valor todos aqueles lugares do Concello que non resultan especialmente coñecidos.

#### **SEGUNDA.- REQUISITOS DOS PARTICIPANTES E SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN**

Poderá participar no concurso e ser beneficiario/a dos premios calquera persoa.

A documentación a presentar será a seguinte:

-Folla de inscrición establecida ao efecto



## Concello de Xove

---

-A folla de inscrición deberá presentarse no Rexistro de Entrada do Concello de Xove (de xeito presencial ou a través da sede electrónica: <https://xove.sedelectronica.gal/> desde o día 1 de maio ata ó venres 22 de maio, ás 23:59 horas.

A participación no presente concurso significa a plena aceptación destas bases.

### TERCEIRA.- NORMAS DO CONCURSO

As fotografías poderán ser de calquera espazo natural (praia, campo, monte, río, xardín, árbore, pena, etc.) do Concello de Xove, e tamén poderán incluír a unha ou varias persoas realizando unha acción dentro desa contorna natural.

As fotografías enviaranse por correo electrónico, dentro do mesmo prazo que para o envío da solicitude, ao enderezo [medio.ambiente@xove.es](mailto:medio.ambiente@xove.es) con indicación do nome da mesma, así como o número de rexistro de entrada da solicitude de participación ou folla de inscrición.

Todas as fotografías do concurso poderán ser expostas ou publicadas en internet ou impresas en folletos e publicacións de promoción do Concello de Xove, para súa difusión sen ánimo de lucro. As fotos seguirán sendo propiedade dos autores/as.

Cada participante poderá presentar un máximo de 3 fotografías, que deberá enviar en formato JPG e nun tamaño mínimo de 1 MG e máximo de 10 MG. A organización do concurso adaptará as fotografías á capacidade da rede na que vai ser publicada.

### CUARTA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía máxima destinada aos presentes premios é de 180 euros (partida 1703/481 do Estado de Gastos do Municipal).

### QUINTA.- SELECCIÓN DOS GAÑADORES/AS

O luns 25 de maio as fotografías dos/as participantes serán publicadas, por



## Concello de Xove

---

categorías, na páxina de Facebook do Concello de Xove, resultando gañadores/as aqueles autores/as das fotografías que acaden o maior número de “ME GUSTA” por categoría ata o mércores 3 de xuño, ás 23:59h.

No caso de empate, a vencedora será a que conteña máis «ME ENCANTA».

Rematado o prazo, pola Socióloga Municipal acreditarase mediante informe o número e nome de todos os/as participantes. O nome da fotografía presentada e o número de “Me gusta” e no seu caso, “Me encanta” obtidos. Este informe terá o carácter de proposta de concesión do premio, e elevarase á Alcaldía, órgano competente para a concesión do premio.

-As/os gañadoras/es igualmente daranse a coñecer o venres, 5 de xuño, Día Mundial do Medio Ambiente, a través da mesma páxina de Facebook do Concello de Xove, así como na web [www.xove.es](http://www.xove.es)

-O mesmo día (5 de xuño) comunicarase o día, hora e lugar no que se celebrará a entrega de premios ós/ás gañadores/as de cada categoría.

### **SIXTA.- PREMIOS**

Existirán tres categorías de participación, dotadas cada unha cun premio en metálico de 60 euros á fotografía máis valorada:

- CATEGORÍA INFANTIL ---- ata os 12 anos.
- CATEGORÍA XUVENIL ---- de 13 a 17 anos (ambos incluídos).
- CATEGORÍA ADULTO ---- de 18 anos en diante.

A contía dos premios anteriores é líquida. De acordo co disposto no artigo 75.3 do RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, non existe obriga de practicar retención por ningún dos anteriores premios, ao ser importes inferiores a 300,00 euros.

### **SÉTIMA.- NORMAS DE CONTROL E SEGURIDADE APLICADAS ÁS VOTACIÓNS EN FACEBOOK**



## Concello de Xove

---

O Concello de Xove como organizador do Concurso, resérvase a facultade de adoptar cantas medidas resulten oportunas para evitar calquera conduta da que a Organización sospeite que teña por finalidade ou efecto calquera intento de actuar en fraude da presente campaña ou no incumprimento das súas normas en prexuízo de outros participantes.

O Concello resérvase o dereito de invalidar, expulsar, eliminar ou non ter en conta no cómputo aqueles perfíles que considere sospeitosos de calquera intento de participación fraudulenta, incluído, a modo enunciativo e non limitativo, o intento de rexistro de máis dun perfil de usuario de Facebook por parte dunha persoa, creación de perfíles falsos ou usurpación de identidade.

Do mesmo xeito, o Concello resérvase o dereito de poñer calquera sospeita neste sentido en coñecemento da empresa responsable da plataforma Facebook, para que se adopten as medidas que correspondan. Igualmente, o Concello resérvase o dereito de emprender as pertinentes accións legais que puideran corresponderlle.

O Concello resérvase o dereito a descargar e excluír do concurso calquera resposta enviada polo usuario cando o considere oportuno.

### **OITAVA. - INFORMACIÓN ÁS/ÓS BENEFICIARIOS/AS DOS PREMIOS:**

Con carácter xeral, os premios están incluídos no ámbito de aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que o Concello de Xove é un órgano obrigado a facilitar información da concesión dos presentes premios á Base de Datos Nacional de Subvencións. Igualmente, con carácter xeral, non obstante o establecido na Base Sexta (non existe obriga de practicar retención por ser inferiores a 300,00 euros), os premios están suxeitos ao IRPF segundo o establecido no artigo 75.2 do RD 439/2007, de 30 de marzo, sendo a Axencia Estatal da Administración Tributaria un dos órganos cesionarios dos datos rexistrados na Base de Datos Nacional de Subvencións en virtude da colaboración coa Administración Tributaria que establece o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.



## Concello de Xove

---

Non obstante, e de acordo co establecido no artigo 4 do RD 130/2019, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, non será obrigado subministrar por parte do Concello información das resolucións de concesión dos premios nin do pago dos mesmos sempre e cando o importe anual outorgado a un mesmo beneficiario/a non supere a contía total de 100,00 euros.

*A SOCIÓLOGA DO CONCELLO DE XOVE*

**ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**

